

## O CANTO NA PEREGRINACIÓN E NA ROMAXE

*Xosé Filgueira Valverde*

*Presidente do Consello da Cultura Galega*

Puxen de resalte noutras ocasións o contraste que ofrece a fixeza, persistencia e unidade local que presentan as melodías e as letras para cantar das festas da primavera, de tan longo, fondísimo ronsel, e a rica variedade das que acompañan o Nadal, no solsticio de inverno ou as que se renovan, de cotío, nas ledicias do Entroido. Pois ben, a lírica que agroma a carón dos santuarios e das peregrinacións ofrece, asemade, unha vizosa temática e unha alongada diversidade de formas.

### O CANTIGUEIRO DAS ADVOCACIÓNS

Cando observamos hoxe a presenza das romaxes e das advocacións galegas no cantigueiro popular, podemos comprobar que se manteñen vivas na poesía de tradición oral centos de cantigas adscritas ós santuarios. Fraguas ten recollido as referentes á devoción marial en Faro, na Barca, en Chanteiro, na Peregrina de Pontevedra, en Augasantas, Muros, Louro, A Franqueira, A Lanzada, Os Milagres, A Guía, A Renda, Dodro, Xurés, O Corpiño, e tantos outros... Non hai festa que non as teña. Eu recollín algunhas de Santiago no «Cancioneiriño». Poden colleitarse outros de santos padroeiros ou sandores: San Martiño, San Benitiño, Santo Eutelo, Santa Minia, San Campio, San Breixo... que teñen soadas romarías.

Con respecto á temática, moitos cantares conteñen gabanzas a Cristo, ás advocacións mariais ou ó santo invocado, á imaxe, á capela; alusións á vinculación – «ó meu patrón», «ó meu parente», «á miña madriña»–. Moitas comezan co posesivo de afección; invocacións no perigo, petición de gracias, mesmo de favor para o noivado, «un bo homiño»... Non falta unha serie galega «da barca», parella á das «barcas novas» portuguesas. Podemos atopar alusións teolóxicas, como a da «Virxindade de María» na analoxía do sol e a vidreira e mencións de costumes rituais ben antergas: «varre-la capela», «feito de cera»...

O estudioso da lírica medieval comproba, con sorpresa, que remanece o tema de Meendiño, da doncela soa e sen barqueiro na illa de San Simón:

«¡Ai! Miña Virxen da Barca.  
¡Ai! Miña Virxen valente,  
que estou no medio do mar,  
sin ter barqueiro que reme».

Como veremos ó falarmos das peregrinacións, á par dos cantos referentes ós santuarios, medran os que se entoan ó camiñar:

«Camiño de Santiago,  
camiño foliadeiro...»

Nas romaxes galegas que axuntan, coma os «pardons» de Bretaña, cortexos de diversas freguesías, danse os cantos alusivos a cada unha delas. Ramón Cabanillas restaurou os das *Pascuillas* na Franqueira co seu desenvolvemento paralelístico. Hainos tamén de despedida, alusivos ó retorno:

«Miña Virxen dos Milagros  
para o ano hei de volver».

Ou declarando a peculiaridade da romaxe:

«Veño da Virxen da Barca,  
da Virxen da Barca veño,  
veño de abala-la pedra  
de abala-la pedra veño».

Na métrica as reiteracións anafóricas e as bimetracións e variación nas palabras rimantes son reliquias de fasquía medieval da «cantiga de vilãos» e das súas «seguidas» cortesás.

«Miña Virxen da Lanzada  
miña Virxen lanzadeira...»

E na adición dun estribo, refrán que pode ser alleo ó contexto como o «Polo mar abaixo vai» que acompaña o «San Benitiño».

Polo que di a tipoloxía das melodías, polas recollidas nos cancioneros musicais -Valladares, Arana, Sampedro, Schubarth-Santamarina-, os cantares referentes ás advocacións e santuarios axústanse polo xeral á forma «alalá», pero non faltan ritmos de danza, sexa «maneo» do vello «San Benitiño», ou a «vals» da «Rianxeira», non por recente menos atraente e merecedora da popularidade que ten achegado. Os cantos de camiño acollen o feitío de marcha procesional, de «conductus», e reciben, asemade, os influxos recentes dos «rosarios» e das «Ave María» de Lourdes e de Fátima.

## O CANTO NA ROMAXE

Galicia é un pobo festeiro. González Reboredo ten feito o censo das celebracións do Padrón da parroquia, familia de familias que perpetúa as anterigas comunidades básicas da vida social, e das romaxes ós santuarios que, por veces, sucede a antigos cultos. A estas, que eu teño chamado as novas «festas da Gracia», engadíronse dende hai trinta e tantos anos as «da Natureza» ou dos froitos da terra, de promoción gastronómica local. Unhas e outras están tamén enmarcadas nos eixes das «festas de retorno» que evocan o paso dun medio espacial (Ceo-Terra), un medio temporal (Verán-Inverno) e ó ciclo vital (Nacemento-Morte, Sementeira-Colleita).

## PERDURACIÓN DA FESTA MEDIEVAL

As festas de alicerce relixioso manteñen moitos dos caracteres que tiñan no medievo, tal que figuran descritos na «Cantiga» afonsina 351:

«En a ssa festa d'agosto, mui gran gente ven alí,  
por oir total-as oras et é costum'assí  
que tragen í pan e vinno en carretas, et ben í  
o dan, por seu amor d'ela a quen o quer receber.

Ond'aveo, non ha muito tempo, que ss'í ajuntou  
gran gent'e aquela festa, e cada uun puñou  
en fazer grand'alegría: quen soube lutar, luitou,  
e quen soube chacotares boos, í os foi dizer.

Outros ar corrián vacas que fazían pois matar  
que cozían en caldeiras grandes e íanas dar  
a pobres que as comessen...».

Na liturxia son ritos xerais as misas, os cortexos procesionais, con imaxes e ofrecidos, o queimar candeas -tantas veces mencionado nos cancioneros-, santo, a poxa do recollido... As «mortallas» (Pobra do Caramiñal, Ribarteme), os «alborotados» (o Corpiño), e o baño lustral son notas singulares nas romaxes.

Ós cantos denantes referidos cómpre engadi-los do «Ramo de Pascuas», anotados por Said Armesto.

Os vellos cegos churrusqueiros, a cantarlles coplas ós grupos acompañándose coa zanfona ou co violín, substituíron ós xograres. Perdéronse as «vixiias» nocturnas e o rezo das «horas» (Cantigas de Santa María 333, 393).

A exclusión das mulleres nunha celebración dáse só na do Monte de Santa Tegra, onde perdura o canto litánico en galego medieval. Non coñecemos ningunha romaría de donas como a de San Servando (C.V., 738).

Non menciona a «Cantiga» afonsina as representacións de dramática sagra. Do mesmo modo que as houbo no Nadal e Epifanía, na Paixón, no Corpus, en Santa María de Agosto, non deixaría de habelas en romaxes locais. As de mouros e cristiáns da Franqueira e da Saínza son notas peculiares de dúas das máis famosas romaxes galegas.

Na literatura do XIX abundan as descrições de romaxes. A máis coñecida, a da Barca, de Rosalía de Castro. Na antropoloxía da vida espiritual deben consultarse os artigos de Risco, Lorenzo, Del Riego e Fraguas.

## A POESÍA MEDIEVAL DE SANTUARIOS

O número e a función sobranceira das romaxes na vida relixiosa e social de Galicia deu azos a que xurdise, a carón delas, o máis orixinal conxunto das fermosas cantigas de amigo, peculiares da nosa lírica. É lóxico que chamase, en especial, a atención dos medievalistas. Tanto que Lang foi o iniciador da tese de que arrincasen delas as cantigas de protagonismo feminino, dialogadas, coa forma que eu chamo «de progresión retardada». Unha lectura errónea deulle inicialmente a todo o «Cancioneiro de Amigo» o nome «de ledino». Tardou moito en desbotarse. Fora o mesmo Adolfo Coelho que no «Chrisfal» de Cristobal Falcão leu «de ledino» onde di «cantou canto delle dino; Yo me iba, la mi madre a Santa María del Pino».

A vizosa abundancia, o número e a sobranceira calidade da nosa poesía medieval «de santuarios» demandan unha hipótese explicativa da orixe. Cabe a posibilidade dunha finalidade de propaganda como o suxire a Dra. Stegagno Picchio. Eu suxerín que, na Sevilla de San Fernando, os señores galegos, que concorreran á conquista levando os seus «segreis», promoveran unha sorte de «corte de amor» co tema das romaxes, ou que se colixise un cancionerío ocasional con pezas «de encargo».

Áchase nos apógrafos italianos entre as Cantigas 709-898 da Vaticana e as 1118-1295 do códice da Biblioteca Nacional de Lisboa. Compoñen o conxunto composicións de dezasete poetas. Nótase que, deles, tres figuran soamente con unha cantiga: Fernán de Lago, Golparro e Meendiño —coa «perla negra» da nosa lírica—; que Pero de Ardia, João de Canges, Martín Códax, Airas Páez, Martín Padrocellos, Martín de Ginzo, Nuno Treez e Pai Calvo non aparecen cultivando outros xéneros e que soamente o fan os galegos Pai Gómez Charriño e João Servando, os portugueses Afonso Lopes de Baiam e Pedro Viviais. E que algúns dos segreis levan o nome do santuario: Bonaval, Servando, Lago.

No cadro temático destas cantigas de namorados teñen relevancia: a ida á ermida; a agarda ou envío de «recado» polo «mandado» coa recepción de «novas»; o rol da «madre» como «guarda» e de El-Rei como provocador da ausencia; as «irmanas»; as «señardás» de: agarda, tardanza, ausencia, diálogo coa Natureza; a ledicia pola chegada; os reproches; a petición de «doas», a «cinta»; a «enfinta»; as expresións amorosas; as confidencias coa nai ou coas amigas; a bailada e o baño...

No escenario das cantigas predominan os santuarios das Rías Baixas, que por iso chamamos «o mar dos cancioneiros»: Santa María do Lago; Santa Marta do Grove; San Cremenzo do Mar, en Aldán; San Simón e Santa María, en Vigo; San Treeçon, en Tui; Santa Cecilia de Soveral, en Marín.

Noutras partes de Galicia, Santiago de Compostela, cantado por Gomes Chariño, e Airas Carpanelo é onde Bernal canta o «segraçon» de igrexa nº 12; Lugo, Santa María de Xullán, San Lenter de Mirad, en Friol –se non é o de Lagarteróns, en Tabeirós–; o Faro, en Chantada. En Ourense, San Salvador de Valongo, en Cortegada. En Portugal poden documentarse as cantigas de Pedro de Viviães en San Simón de Val de Prados e as de Baiam en Santa María das Leiras, en Neiva. Quedan por identificar romaxes de San Servando, unha Santa María, San Oane.

Todo un tesouro de orixinalidade, de dramatismo, de comunidade coa Natureza, de saudade, de lídimo amor anima a nosa poesía de santuarios. E tamén unha viva mostra de conversión de oralidade familiar en requintada fala poética. A lingua galega ten, por esas cantigas de romaxe, unha primeira e relevante presenza na grande e xeral historia das letras.

## OS CANTOS DA PEREGRINACIÓN

O estudio dos cantos da peregrinación a Compostela é moi atraente, pola tradición secular, pola riqueza temática e pola amplitude das nacións que abarca; lémbrese o topos que as enumera como símbolo de universalidade. Teñen un nexos de engarce moi significativo coa nosa lírica medieval. Peregrinar é camiñar cantando. No canto colectivo poden darse dúas formas; as dúas teñen vizosa presenza nela.

A «compaña» de peregrinos, pode cantar a dous coros alternos. É o mesmo xeito que atopamos no noso «leixaprén», con anáforas, variacións paralelísticas e cun «refrán» entoado por todos. Os «conductus» mesmo do *Liber Beati Jacobi*, como marchas procesionais teñen o «issokolon» e o «ritornello» típico desa forma da «cantiga de vilãos», unha das sete, por certo, da lírica trobadoresca. É revelador que un cantar dualístico de Cerverí de Girona leve a denominación xenérica de «viadeyra», é dicir, «canto de camiño».

Outro xeito responde ó feito de que un cantor, o de mellor voz do grupo, entoe a estrofa e o coro cante a responsión ou estribo. É a mesma da lírica narrativa das composicións mariais da corte de Afonso X. Ó desenvolvemento histórico pertencen as «laudi» e os «Geisslerlieder», antecedentes da coral xermana e do soneto.

O «conductus» chamado «Canto de Ultreia» é un exemplo, culto, moi refinado, da lírica relixiosa mediolatina de tema xacobeo. Nel declínase o nome de «Jacobus» con un «caso» gramatical en cada estrofa. O refrán é «Primus ex Apostolis...». Mais unha das estrofas contén como «auctoritas» e esmalte outro refrán, o dun canto de peregrinos que emparenta cun «apelido» ou berro de cruzada: «E Ultreia, e sus eia, Deus adjuva nos».

## CANTOS DE ROMEIROS E SOBRE OS ROMEIROS

Non eran soamente peregrinos os que entoaban cantos referentes á piadosa viaxe. Respondíanlles, sobre todo, os rapaces, ós seus cantares, cando se poñían a acompañalo seu paso ou lles pedían esmola ós romeiros «de manto».

O «fellow» de Eton, William Wey recolle o *Cantus parvulorum Hyspannie saltancium ante peregrinaciones pro blankys et splintris*, no argot dos camiños e albergueiros, que remata:

«... Bona tempe, bona vye, bona vente, bon perpassí,  
Da istys kee sunt ussen vna brank a wowse curtesse».

Unha canción hispanofrancesa prevén sobre as pousadas:

«Ves qu'andais a Santiago  
miré vostre mercé:  
non hay posades  
nada para comer.  
Boscáis en altres cazes  
lo qu'habets menester,  
si querés bones comes  
moy limpes allarés»

Unha vella cantilena donostiarra evoca o paso dos peregrinos:

«Pelegrinuak datoz Santiahotican  
atea iriki beza ikust a gatican».

«*Veñen os peregrinos dende Santiago; abre a ventá e verás que chegan. Toca a trompeta Txomin. Patki ¿onde te-la cuncha vieira? Se che dá o mesmo, prefíroa chea*».

### A «PASTORELA», FLOR DE CAMIÑO

Flor dos vieiros é a «pastorela», que recolle a conversa entre o camiñante e unha doncela, nun ledo encontro. Abundan na poesía francesa. Na provenzal pode atoparse unha referente a Compostela na serie novelística de Guiraut Riquier. Na nosa poesía son moi fermosas a de Per Amigo de Sevilla (C.V., 689):

«Cuando eu un día fui en Compostela  
en romería, vi unha pastor

que, pois fuí nado, nunca vi tan bela  
nen ví a outra que falase millor,  
e demandeille logo seu amor  
e fiz por ella esta pastorela:

Dix'eu logo: Fremosa poncela,  
queredes vos mín por entendedor?  
que vos darei boas toucas d'Estela,  
e boas cintas de Rocamador,  
e d'outras doas, a voso sabor,  
e fremoso pano per a gonela».

A de Airas Nunes non é unha conversa senón a visión da pastora (C.V., 454):  
«Oí oj'eu hua pastor cantar» e o que canta é unha «ensalada» de cantigas «de amigo».

A de Joan Airas, moi orixinal, onde a muller o despide sen que se chegue a traba-lo diálogo (C.V., 554) nunha paisaxe de abrente —«quando saía la raia do sol nas ribas do Sar»— animada polo canto das aves:

«Palo souto de Crexente  
hũa pastor vi andar  
muit'alongada da xente».

En Joan de Aboim non está unha doncela senlleira; son tres as que cantan de amor: «Una enseña à las otras a desconfiar del enamorado. Se trata de una confluencia clara con la temática de amigo». (C.V., 278):

«Cavalgaba n'outro día  
per un caminho francés  
e hunha pastor saía  
cantando con outras tres...»

## A TEMÁTICA DA CANTIGA DE PEREGRINACIÓN

Un gran cancionero da peregrinaxe recollería liñas temáticas, ás que lles corresponden melodías propias, procedentes de igrexas, mosteiros e confrarías, ou axeitadas como contrafacturas da poesía e da música profanas. Daux iniciou a bibliografía destes temas, hoxe moi copiosa:

A) *Loores ó Apóstolo e á Virxe*, de culto ligado á romaría, un santuario en tódalas vías. Influxos da «secuencia» e do «conductus».

B) *Cantos guía*. Enumeradores dos santuarios e das estacións das vías, con consellos e advertencias no percorrido.

C) *Lírica narrativa referida á vida do Apóstolo*: episodios evanxélicos, predicación en Galicia, aparición do Pilar, martirio e translación... Temas que pasan ó drama litúrxico e teñen abondosas representacións iconográficas.

D) *Descubrimento das reliquias*. Dúas liñas narrativas. A de orixe hispánica e a francesa, da vida do Imperante Carlomagno, recollida na Pseudo-Turpín, de tan fecundo inzamento nas letras de Occidente.

E) *Milagres de Santiago*. Os santuarios anotan nas súas «legenda» os favores recibidos por intercesión das advocacións e dos santos invocados. Pasan ás colleitas haxiográficas e ós marialoxios. Algúns dos feitos que se recollen, os «grandes milagres», chegan a ter festas conmemorativas e grande espallamento literario e plástico. Na colleita xacobeá dos vintedous prodixios que enumera o canto «Ad honorem Regi summi», os de meirande espallamento son: «O morto a cabalo», o «Aforcado descolgado» co episodio adicional do «galo que canta despois de asado», o «Peregrino que se mutilou e foi resucitado».

Teñen, asemade, derivacións, ou relación co «Jacobus miles Christi» a «Batalla de Clavixo» e a liberación do tributo das «Cen doncelas».

F) *Peregrinos famosos*. Acaecementos que motivan a viaxe, sucesos no camiño ou en Compostela: O Cid, «Gaíferos de Mormaltán», a Rainha Santa, San Francisco, San Franco de Sena. No lendario medra tamén o cativerio da esposa dun magnate peregrino que inspira a novela *Flores y Blancafort*.

G) *Amores e traxedias no camiño*. Contraposto da amable pastorela é o relato da muller forzada polo conde Grifos ou de Arcos, que inspira pezas do romancero tan fondas coma a portuguesa «Justiça de Deus» e que pasou ó teatro en «La romera de Santiago». Ou o caso extremo de fidelidade co compañeiro de camiño de «Le ditz des trois pommes».

H) *Motivos vinculados ás crenzas de alén-vida*. Construcción instantánea de pontes ou igrexas. Camiñar de morto o que non foi de vivo. O camiño das almas. Translacións aéreas. Demanda substitutoria por incumprimento de promesa.

## OS INFLUXOS SOBRE A CANTIGA ROMEIRA

Os cantos de todo carácter que agroman nos camiños das peregrinaxes reciben influxos moi variados. En primeiro termo os da liturxia que acompaña decote os viandantes, dende o rezo do «Itinerarium» inicial ás cerimoniais, ós do santuario, e ó «Te Deum» final no retorno. Os «oficios» peculiares como os que recolle o «Calixtino» reciben o influxo do canto dos romeiros e entréganlles fórmulas que son repetidas e luídas por eles, na reiteración de pregas, loores e invocacións.



Nos tinelos de mosteiros e hospedais a lectura de libros da fasquía do «Calixtino» fornece motivos da máis espallada e fecunda narrativa medieval, dende os temas carolinxios e os milagres ás refendas cabaleirescas do Graal.

O camiño é frecuentado pola xograría en toda a súa gamma, que exerce o mester non só nos pazos e nos mosteiros, senón nas alberguerías e nas rúas.

Mais, os santuarios manteñen unha propaganda activa, mediante unha sorte de xograres ou «preegadores» estipendiados ou parceiros na venda de bulas indulxenciadas, coa encomenda de conta-las «virtudes» da advocación. Refírese a eles Ramón Llull na «Blanquerna»:

«Esdevench-se un día que un dels recomptadors exía de una vila e anava a un castell, e atroba en la carrera gran re de romeus qui anaven a Sent Jacme, e mes-se en lur companyía, e ana ab ells tro a Sent Jacme. E dementre anaven per lo camí, él los recomptava exemplis e bones paraules e devotes, dehía les stóries del Vell Testament e del Novell, e recomptava 'ls los fets que són passats dels apostolis e dels emperadors, segons que són scrits en les cróniques».

Estes pregoeiros dos santuarios reciben, no galego medieval, o nome de «inchacorvos» que se corresponde co castelán «echacuernos». Documéntanse en Tui para espallá-la vida e milagres de San Pedro González «Telmo», padroeiro das xentes de mar en tódalas latitudes. Elixíanse nunha sorte de concurso e poxa onde demostraban a súa habelencia e poñían posturas para o pagamento das colectas que facían de lugar en lugar.

O derradeiro exemplo da propaganda cantada, e con venda de impresos, era a dos cegos da Porta Santa. Eu lémbroos entoando ripiosas coplas con refrán referentes á vida de Santiago, á presenza en Galicia, a Clavixo e os votos, a peregrinos famosos, sen esquecer a Guillerme de Aquitania nin a San Franco de Siena. Tafall Abad e Bouza Brey publicaron algunhas das cantigas que entoaban.

\* \* \* \*

Rematarei coas mesmas verbas coas que hai anos pechaba a miña primeira conferencia sobre os cantos na peregrinación a Compostela:

«Camiños de *miraclos* e de cantigas, de *gesta* e de romanceiro, de *fabliaux*, de lendas e de refendas, por onde pasaron, de boca en boca, Roldán e Turpín, Ogier e Amadís, El Cid, Luis VII e Guillerme de Aquitania. Sen eles non terían florecido as lanzas, nin se crebaría a espada Durandel, non se faría pedra o sorriso de Daniel, non, en cada solpor, entraría pola vidreira o sol na ermida de nosa Señora das Areas, nin se encendería en lus o 'milagre' de Chartres. No escomezo, era o camiño...».